



A Asociación Galega de Hemofilia acusa ao Xeral Cíes de abandono cos pacientes da área de Vigo

. Nos últimos meses, a consulta de hematoloxía permanece pechada de xeito habitual, mentres os pacientes, preto dun centenar, deben esperar ata un ano para que lles revisen as súas analíticas

.A situación obrigou a numerosos enfermos a irse a centros doutras provincias galegas para ser atendidos debidamente

.A Asociación Galega de Hemofilia dirixiuse en numerosas ocasións á Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral Cíes sen conseguir que mellore o servizo

Santiago de Compostela, a 5 de Novembro de 2011. O colectivo de hemofílicos adscritos ao servizo de Hematoloxía do Hospital Xeral Cíes de Vigo sofre desde o pasado ano unha deficiente atención que lles obriga a trasladarse a outros centros fóra da provincia de Pontevedra para obter un tratamento imprescindible para paliar a gravidade da súa enfermidade. Vigo e a súa comarca é unha das zonas de España onde existe un maior número de persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas por habitante. Desta forma, preto dun centenar de persoas ven afectadas polo mal funcionamento deste servizo e pola insuficiente asistencia sanitaria a estes enfermos.

Entre os incidentes recollidos ao longo do último ano e denunciados pola Asociación Galega de Hemofilia (Agadhemo) atópanse os seguintes:

.A diferenza doutros hospitais galegos, no Xeral Cíes non existe un Protocolo de Urgencias para estes pacientes, o que provoca a perda habitual de analíticas e longas esperas que agravan a situación hemorráxica dos pacientes. Isto débese a que os profesionais sanitarios non especializados descoñecen o tratamento específico que deben fornecer, e finalmente recoñecen a necesidade de derivar o caso a un hematólogo. O tempo que perden os enfermos neste proceso é vital nos casos graves.

.Prodúcense perdas frecuentes de historias clínicas e, con elas, a falta de seguimento dos pacientes.

.Os menores de idade, aos que en moitos casos implantóuseltes un dispositivo de acceso venoso permanente (port-a-cath), teñen pautadas revisións trimestrais polo alto risco de infección e o tempo medio entre consultas está sendo de entre 6 e 9 meses, chegando en ocasións ao ano de espera. Esta demora supón un perigo importante para a súa saúde.

.A espera tamén se está demorando entre 10 e 12 meses para a revisión das analíticas, cando ata fai un ano estíbese facendo, practicamente, o mesmo día da análise na propia consulta.

.Os diagnósticos tardan tanto tempo en confirmarse que os pacientes ven obrigados a acudir a centros de fóra da provincia de Pontevedra. Os propios hematólogos recoñecen que carecen dos recursos necesarios para acelerar os diagnósticos.

.O intervalo entre consultas en pacientes con coagulopatías conxénitas moderadas e graves debería ser de seis meses, mentres que nos pacientes leves, o tempo podería aumentar ata o ano. No Xeral Cíes estanse dando ata casos nos que este intervalo excede os 15 meses.

.O colectivo de hemofílicos constatou que a consulta de Hematoloxía do Xeral Cíes está pechada de xeito habitual.

Esta situación, que afecta a preto dun centenar de persoas na área de Vigo, foi denunciada desde 2010 e en diferentes ocasións ante o Servizo de Atención ao Paciente. Neste sentido, a Asociación Galega de Hemofilia mantivo diversas reunións coa Xerencia, Dirección e Subdirección do hospital, sen conseguir os cambios solicitados. E é que as promesas realizadas polos dirixentes do Xeral Cíes non se viron referendadas por unha mellora da atención, o que provocou o éxodo de numerosos pacientes, entre eles unha vintena de menores, a outros centros galegos.

A situación actual supón un perigo para a saúde do colectivo de hemofílicos



que residen na área de Vigo, ademais dun agravio comparativo con respecto a outros enfermos galegos, así como unha preocupación constante para as familias dos afectados, que en moitos casos deben de sacrificar os seus traballos e afrontar un custo económico adicional para asumir un traslado a outro hospital galego, onde a atención si é a necesaria. A hemofilia, a enfermidade de Von Willebrand e outras deficiencias de factores de coagulación constitúen trastornos hemorráxicos para sempre que impiden que o sangue coagule debidamente. As persoas con trastornos de coagulación non teñen unha cantidade suficiente dun factor de coagulación específico, unha proteína do sangue que controla o sangrado, ou este non funciona adecuadamente.

En Galicia, máis de 500 persoas padecen hemofilia ou algunha outra coagulopatía conxénita e dependen dun tratamento adecuado que minimize o risco infeccioso, e que evite contaxios como os sufridos no pasado con resultados mortais para algúns enfermos

Quen somos?

A Asociación Galega de Hemofilia foi fundada o 6 de Xuño de 1988 e atópase integrada dentro a Federación Española de Hemofilia, constituída no mes de Outubro do mesmo ano. A día de hoxe, o colectivo representa á práctica totalidade dos enfermos de hemofilia en Galicia. Agadhemo, entidade declarada de Utilidade Pública segundo Orde do 18 de Outubro de 2010, é membro activo da COGAMI (Confederación Galega de persoas con discapacidade). Como entidade prestadora de servizos sociais, está rexida polos seus estatutos, que recollen entre outras cousas, os fins para os que foi constituída.

E entre estes destacan:

- Impulsar e promover a toma de conciencia por parte da sociedade, sobre a problemática da hemofilia.
- Promover a afiliación á Asociación, das persoas e familias afectadas por algunha coagulopatía conxénita.



- Contribuír á solución dos problemas relacionados coa asistencia médica, a educación, a orientación, formación profesional e o emprego do colectivo ao que representa.

Dada a importancia que ten para o noso colectivo este tema, rogámosvos a súa difusión no voso medio de comunicación

Para máis información, póñanse en contacto co noso Gabinete de Comunicación no 680.55.93.20 ou consulten a nosa web

(www.hemofiliagalicia.org)